

Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade.
 3. Posuír e acreditar o TÍTULO que figura no Anexo B para este posto.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).

4. Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística) ou compromiso de adquisición de coñecementos.
5. Coñecemento de inglés. O nivel de coñecemento do inglés requirido é o que figura no Anexo B.

O nivel acreditarase mediante o certificado correspondente segundo os seguintes niveis: A2, B1, B2, C1, C2 ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEFR (Common European Framework of Reference).

Os/as aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.

6. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
7. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

8. Requisitos particulares: os indicados nos Anexos B para os postos.

5) Documentación a presentar obrigatoriamente

- a) Solicitud asinada dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA no modelo Anexo A.1, indicando a referencia do posto.
- b) Modelo asinado de datos persoais para cumprimento do *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016*



(GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Ley 3/2018 de 5 de diciembre), no modelo Anexo A.2.

- c) Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- d) Fotocopia simple do título esixido para o posto no Anexo B.1, ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- e) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- f) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo B.1.
- g) Se é o caso, fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A na proba de galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente no CESGA, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza).
- h) Fotocopia simple da xustificación do coñecemento de inglés no nivel requirido. No caso de ter obtida unha cualificación de APTO nunha proba do mesmo nivel ou superior nunha convocatoria anterior de praza do CESGA, so será necesario indicalo na solicitude, no modelo A.1, indicando a referencia da praza anterior. Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección.
- i) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo B.2.1 da Fase 1 de baremación de méritos. Só valoraranse os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.
- j) Modelo para a valoración de méritos segundo as instrucións do anexo B.3

Os aspirantes seleccionados deberán presentar nas dependencias da Fundación CESGA dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo B.1, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os/as candidatos/as que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- Fotocopia compulsada do título presentado para o posto que foi seleccionado/a ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
- Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.
- Copia comparada da titulación de inglés, ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEF



(CommonEuropeanFramework), ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.

6) Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado que figura no Anexo A.1 da presente convocatoria.

Presentaranse na Secretaría da Fundación ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Vida), 15705 Santiago de Compostela, indicando no sobre a referencia dos postos que aparecen no Anexo B.1. destas bases ou por correo electrónico á dirección emprego@cesga.gal. No caso do envío por este último medio, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite. Deberá indicarse no asunto do mensaxe a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases. No caso de envío por correo certificado deberá adiantarse por correo electrónico a emprego@cesga.gal copia do modelo da solicitude cuberta e do certificado de correos.

O prazo de presentación de solicitudes será o que figura no Anexo B.1 para o posto, contando a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, no Diario Oficial de Galicia.

O enderezo que figure nas instancias considerarase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

7) Proceso de selección

A selección, efectuarase por unha comisión designada ao efecto para o posto que figura no Anexo B.1.

O proceso de selección consistirá no seguinte:

- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaranse as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo B.1 para, a petición do/a interesado/a, reparar calquera erro que sexa emendable, e especificándose a data, hora e lugar para a realización da proba de inglés para os/as candidatos/as que non teñan acreditado este requisito, no caso de ser necesarios. A proba de inglés, dependendo do nivel solicitado no Anexo B.1, consistirá:

Nivel A1: na tradución dun texto técnico de castelán ou galego a inglés.

Nivel B1: redacción dun texto en inglés.

Nivel B2: realización dunha entrevista en inglés dun máximo de 10 minutos e a redacción dun informe en dita lingua.

A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións, relativas ao proceso selectivo, faranse na páxina web da Fundación www.cesga.gal.

Tras realizar as probas de inglés, se foran necesarias, publicaranse as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as coa cualificación das probas de inglés, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1. para



alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

- A selección do candidato será efectuada polo procedemento de concurso de méritos, que constará de dúas fases: unha primeira fase de baremación de méritos alegados e outra segunda fase de entrevista persoal.

1. A Primeira Fase consistirá na valoración dos méritos alegados polos aspirantes que se puntuarán de acordo co baremo establecido no Anexo B.2. Finalizada esta primeira fase da valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Fundación (www.cesga.gal), a listaxe provisional das puntuacións de todos/as os/as aspirantes, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

Finalizadas as alegacións á valoración provisional dos méritos, publicaranse as valoracións definitivas designando aos candidatos que por obter a mellor puntuación deberán pasar á segunda Fase (realización da entrevista). Nesta publicación establecerase a data, lugar e hora de realización das entrevistas. O número de candidatos seleccionados para a entrevista será o especificado no Anexo B.1 para o posto.

2. A Segunda Fase consistirá na realización das entrevistas persoais, cuxa puntuación máxima se especifica no Anexo B.1. A duración da entrevista será duns quince (15) minutos e terá unha valoración máxima que figura no Anexo B.1 para o posto e versará sobre:

- 1) Perfil dos/as candidatos/as.
- 2) Complementos do currículum vitae.
- 3) Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.
- 4) Disponibilidade de incorporación.
- 5) Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.

A entrevista realizarase de forma individualizada e terá por finalidade obter un mellor coñecemento do/a aspirante, grazas á comunicación directa que proporciona e ademais permitirá ao candidato presentarse ante a organización, argumentar a súa experiencia e ter a oportunidade de resolver dúbidas respecto ao posto de traballo ao que está a aspirar.

- Finalizada esta segunda fase da entrevista, a Comisión publicará na páxina web da Fundación, www.cesga.gal, un acordo coa listaxe da puntuación final dos/as aspirantes que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases (valoración de méritos e a entrevista), establecéndose o prazo de días naturais que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
- Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina web da Fundación, www.cesga.gal, o resultado da selección.

De producirse empate na puntuación, dirimirase a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta.

De persistir o empate, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación na fase dos méritos enumerados no anexo B.2 pola orde establecida no mesmo e en último lugar pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro de 2024 (DOG número 29, de 9 de febreiro de 2024) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de



selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

8) Comisión de Selección

1. A comisión de selección estará formada, polos membros que figuran no Anexo B.1 para o posto.

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Os membros da Comisión de Selección estarán en posesión de titulación igual ou superior á do posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantirá, na medida do posible, a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2. Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente solicitará aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Para a válida constitución da comisión, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Para a toma de decisións da comisión, e demais cuestións da comisión, estarase ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

9) Resultado da Selección

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.gal), o resultado da selección co nome da persoa seleccionada para o posto. Así mesmo, e co fin de determinar posibles substitucións para este proceso selectivo, a comisión elaborará unha lista de espera entre as persoas finalistas que realizaron a entrevista e que non resultasen beneficiarias dos postos. A vixencia da lista de substitucións coincidirá coa duración do contrato obxecto do proceso selectivo. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberán achegar as persoas seleccionadas para formalizar os contratos.



A contratación das persoas estará condicionada á autorización preceptiva da Xunta de Galicia.

O tipo de contrato será temporal a xornada completa, para a execución de proxecto baseado en tecnoloxías cuánticas financiado pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial a raíz do Real Decreto 936/2021, de 26 de outubro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención a varios centros da Rede Española de Supercomputación (RES), para o desenvolvemento do proxecto QUANTUM ENIA, no marco da Axenda España Dixital 2025 e do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Este contrato en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de laboral fixo e estará suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu director-xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 3 de marzo de 2022 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. José Manuel Amigo Vázquez e co número de protocolo 680.

Santiago de Compostela (á data da sinatura dixital)

O director xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira





FEDER - FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico
de Supercomputación de Galicia (Fundación
CESGA)**
Bases de Persoal para Proxecto

ANEXO A: Modelos A.1 e A.2

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA CUBRIR,
POLO SISTEMA DE CONCURSO, UN POSTO TEMPORAL VACANTE, PARA O
DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO QUANTUM SPAIN (QUANTUM ENIA) NO
MARCO DA AXENDA ESPAÑA DIXITAL 2025 E DO PLAN DE RECUPERACIÓN,
TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA**

Referencia: QUANTUMSPAIN-22-TSP1

NRP: 6091117



A.1. MODELO DE SOLICITUDE

Referencia posto: QUANTUMSPAIN-22-TSP1	Data publicación anuncio
DNI/NIE:	Nome
Primeiro apelido	Segundo apelido
País	Código postal
Provincia	Concello
Enderezo	
Correo electrónico	Móbil/Teléfono de contacto

DOCUMENTACIÓN:

- Anexo A.2 datos persoais de candidatos/as a emprego
- Copia DNI
- Currículum Vitae
- Copia da Titulación
- Copia Expediente académico
- Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4....
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da Fundación CESGA Ref. posto
- Xustificación do coñecemento de inglés
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de convocatorias anteriores da Fundación CESGA Ref. posto
- Modelo Anexo B.3 de valoración de méritos e copia dos xustificantes dos méritos alegados
- Outra documentación

DECLARACIÓN XURADA:

- A persoa abaixo asinante declara baixo xuramento posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas (marque este cadro se é o caso).
- A persoa abaixo asinante, ao non poder xustificar a aptitude en Lingua Galega, comprométese a adquirir os coñecementos básicos da Lingua Galega no caso de ser contratado.

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación CESGA e referenciado no punto 2 desta solicitude.

En Santiago de Compostela, de de

Asdo.:

DIRECTOR XERENTE FUNDACIÓN CESGA

Avda. de Vigo, s/n (Campus Vida) 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)



A.2. MODELO PARA RECABAR DATOS PERSOAIS DE CANDIDATOS/AS A EMPREGO

Referencia posto: QUANTUMSPAIN-22-TSP1	
DNI/NIE	Nome
Primeiro apelido	Segundo apelido

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, "Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Lei 3/2018 de 5 de decembro)" facilitámoslle a seguinte información que debe ler, antes de asinar a ficha de alta como candidato/a de emprego:

Responsable do tratamento dos datos de carácter persoal:	Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), con CIF: G15852981 e domicilio en Avenida de Vigo, s/n Campus Sur, CP: 15705, Santiago de Compostela. rgpd@cesga.es
Fins do tratamento:	Os datos persoais facilitados vanse utilizar para a xestión dos procesos de selección do CESGA.
Lexitimación:	Consentimento do/a interesado/a.
Destinatarios:	Non se van realizar cesións a terceiros. Non se van realizar transferencias internacionais de datos.
Dereitos:	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional:	Pode consultar a información adicional na Política de Privacidade e Protección de Datos que figura na páxina web do CESGA: https://cesga.es/es/politicadeprivacidad

Consentimento para o tratamento de datos persoais (marcar o recadro)

O/A interesado/a declara ser maior de 16 anos, e presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, de acordo coa información facilitada e as condicións expostas na Política de Protección de Datos. Así mesmo, declara ser exactos e veraces os datos facilitados e obrígase a comunicar por escrito á Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), Avenida de Vigo, s/n - Campus Vida, CP 15705 Santiago de Compostela, calquera variación ou modificación que se produza nos datos antes referidos.

En Santiago de Compostela, de de

Asdo.:





FEDER - FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico
de Supercomputación de Galicia (Fundación
CESGA)**
Bases de Persoal para Proxecto

ANEXO B: MODELOS B.1., B.2 e B.3

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA CUBRIR,
POLO SISTEMA DE CONCURSO, UN POSTO TEMPORAL VACANTE, PARA O
DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO QUANTUM SPAIN (QUANTUM ENIA) NO
MARCO DA AXENDA ESPAÑA DIXITAL 2025 E DO PLAN DE RECUPERACIÓN,
TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA**

Referencia: QUANTUMSPAIN-22-TSP1

NRP: 6091117



B.1. DESCRICIÓN E REQUISITOS DOS POSTOS

REFERENCIAS	QUANTUMSPAIN-22-TSP1
Nº RELACIÓN DE POSTOS	6091117
CATEGORÍA, DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A SUPERIOR DE PROXECTO QUANTUM SPAIN
DURACION ESTIMADA DOS CONTRATOS	Aproximadamente 12 meses
PROXECTO	<p>Proxecto QUANTUM ENIA, no marco da axenda ESPAÑA DIXITAL 2021 e do PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.</p> <p>Financiado pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial a raíz do Real Decreto 936/2021, de 26 de outubro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención a varios centros da Rede Española de Supercomputación (REX), para o desenvolvemento do proxecto QUANTUM ENIA, no marco da Axenda España Dixital e do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.</p>
CONTRATO	<p>Contrato de traballo de duración determinada a tempo completo en función da lexislación vixente, en particular pola Disposición adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro.</p> <p>Estes contratos en ningún caso darán lugar ao recoñecemento da condición de laboral fixo.</p>
DESCRICIÓN	<p>Desenvolver actividades de execución do proxecto QUANTUM ENIA (coñecido tamén como Quantum Spain).</p> <p>Ofrécese contrato de traballo temporal para integrarse nun equipo de persoal científico e técnico, multidisciplinar, flexible e creativo no que os valores de igualdade, respecto e valoración das potencialidades e circunstancias persoais son fundamentais.</p> <p>O traballo estará enfocado ao despregue da Computación Cuántica en España, dando soporte aos usuarios da RES que desexan desenvolver novas funcionalidades e aplicacións neste campo, monitorizando a</p>



	<p>evolución desta tecnoloxía e axudando ao despregue de infraestrutura e ao desenvolvemento desta tecnoloxía en España. O traballo farase en coordinación con outros centros da Rede Española de Supercomputación, para crear unha comunidade única de soporte sobre computación cuántica.</p>
<p>FUNCIONS DOS POSTOS</p>	<p>As necesarias para dar soporte á execución do proxecto de Quantum ENIA. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participación no desenvolvemento da rede de soporte en Computación Cuántica da RES. - Soporte técnico aos usuarios científicos, técnicos e empresariais que empreguen a infraestrutura de Computación Cuántica da RES. - Colaboración no despregue, soporte e mellora dos sistema de computación cuántica da RES e os seus interfaces de acceso, especialmente, dos despregados no CESGA. - Redacción de informes e manuais sobre a Computación Cuántica. - Colaboración na organización de cursos, seminarios, sesións de traballo, etc. Para a difusión e formación en computación cuántica. - Colaboración na xeración de materiais de formación sobre a computación cuántica e, especialmente, no uso das infraestruturas de computación cuántica do CESGA. - Avaliación de propostas de emprego dos recursos de Computación Cuántica da RES, especialmente, dos despregados no CESGA. - Xeración de informes técnicos sobre os resultados obtidos. - En xeral, participación nas tarefas do proxecto onde o CESGA ten responsabilidades. - Execución doutras tarefas asociadas coa correcta execución do proxecto: asistencia a reunións nacionais e internacionais, participación en conferencias e cursos, realización de presentacións, xeración de material promocional, etc. - Axudar a outros membros do consorcio e terceiras partes



	<p>financiadas polo proxecto, cando sexa necesario para a execución do mesmo. Outras tarefas que sexan necesarias para acadar o éxito do proxecto e os resultados previstos.</p>
<p>TITULACIÓN REQUERIDA</p>	<p>Nivel 3 (Grao + Máster) segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo.</p> <p>Tanto o grao como o máster, deberán estar adscritos nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo I):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da Terra. • Física e astronomía. • Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. • Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. • Enxeñaría informática e de sistemas. • Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. • Matemáticas e estatística. • Química <p>Transitoriamente, para titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007 :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias. <p>Enxeñaría e Arquitectura.</p>
<p>NIVEL DE INGLÉS</p>	<p>B2</p>
<p>REQUISITOS PARTICULARES</p>	<p>NON SE ESIXEN</p>



PRAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	10 (dez) días naturais
	PRESENTACIÓN DE RECLAMANCIÓNS A LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMANCIÓNS A LISTAXE DEFINITIVA E PROBAS IDIOMAS	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMANCIÓNS A BAREMACIÓN DE MÉRITOS FASE 1	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMANCIÓNS A LISTAXE DE PUNTUACIÓNS FINAIS (FASE 1 E FASE 2)	3 (tres) días naturais
	APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN FINAL POLOS/AS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS	3 (tres) días naturais
	Nº DE CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS TRAS SUPERAR A FASE 1 PARA REALIZACIÓN DA ENTREVISTA	5 candidatos
	PUNTUACION MÁXIMA DOS MÉRITOS FASE 1	60 puntos
	PUNTUACION MÁXIMA FASE 2 (ENTREVISTA)	6 puntos
	COMISIÓN DE SELECCIÓN	- Presidencia: Administrador de Aplicacións e Proxectos da Fundación



	<p>CESGA.</p> <p><u>Suplente</u>: Subdirector Técnico da Fundación CESGA.</p> <ul style="list-style-type: none">- <u>Secretario</u>: Técnico Superior de Aplicacións e Proxectos da Fundación CESGA. <p><u>Suplente</u>: Técnico Superior de Sistemas da Fundación CESGA.</p> <ul style="list-style-type: none">- <u>Vogais</u>: Administradora de área e-learning da Fundación CESGA Técnica Superior de Comunicacións da Fundación CESGA.
--	---



**B.2 FASES DO CONCURSO PARA OS POSTOS DE REF.:
QUANTUMSPAIN-22-TSP1**

FASE 1	BAREMACIÓN DE MÉRITOS: Formación e Experiencia	Ata 60 puntos
FASE 2	ENTREVISTA PERSOAL	Ata 6 puntos

**B.2.1. FASE 1: BAREMACIÓN DE MÉRITOS DOS POSTOS DE REF.:
QUANTUMSPAIN-22-TSP1**

CRITERIO	VALORACIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN MÁX.
Expediente académico da titulación requirida	Ata 10 puntos, avaliados tendo en conta só unha das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección (Grao+Máster ou Licenciatura). (1).	Fotocopia simple do expediente académico (1)	10
Expediente académico doutras titulacións universitarias (Grao, Máster Oficial, Licenciatura, etc.) nas áreas de coñecemento indicadas para a titulación requirida.	Ata 8 puntos por titulación de grao das áreas esixidas na convocatoria. Ata 2 puntos por titulación de máster dentro das áreas esixidas. Ata 10 puntos por titulacións anteriores de duración de cinco ou máis anos, dentro das áreas esixidas. (1).	Fotocopia simple do expediente académico (1)	10
Participación en proxectos de I+D+i	0,1 punto por cada mes de participación en proxectos internacionais dos programas da Comisión Europea, ata un máximo de 3 puntos por proxecto. 0,05 puntos por cada mes de participación en proxectos nacionais ou autonómicos, ata un máximo de 1,5 puntos por proxecto	Documentación acreditativa (2)	6
Experiencia práctica no	1 puntos por mes de	Documentación	24



soporte a usuarios de computación avanzada	experiencia práctica en soporte a usuarios de computación de altas prestacións (HPC) ou Computación Cuántica ou no desenvolvemento de aplicacións científico-técnicas que requiriran paralelización distribuída.	acreditativa (3)	
Formación en computación cuántica e tecnoloxías asociadas.	0,2 puntos por cada 10 horas de formación presencial, cun máximo de 1 punto por curso, sobre programación en Computación Cuántica 0,1 puntos por cada 10 horas de curso de formación presencial sobre programación en Python, cun máximo de 1 punto por curso. 0,5 puntos por curso de formación on-line en Computación Cuántica. 0,2 puntos por curso de formación on-line en Python.	Certificado de asistencia ou superación, incluíndo o temario do curso e o número de horas se é presencial (3). (Cada curso só se valorará unha vez, no criterio máis favorable)	3
Publicacións científicas en computación cuántica	1 punto por publicación científica en computación cuántica publicada en revista científica catalogada dentro do Web of Science, que conte con índice de Impacto.	Copia da publicación	5
Inglés	1 punto por certificación C1 2 puntos por certificación C2 (en caso de posuír varios, valorárase o de maior nivel)	Certificado de aptitude	2
Puntuación máxima FASE 1			60

(1) Valoradas segundo as normas acordadas na RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación



Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración para a valoración dos expedientes académicos.

Non se avaliarán expedientes de titulacións obtidos en España onde non veña recoñecida a nota media segundo o Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse a declaración de equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros, segundo a resolución do 21 de marzo de 2016 da Dirección General de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a resolución do 21 de xullo de 2016 (<http://www.educacionyfp.gob.es/en/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/20/203615/ficha.html>).

Cando a titulación requirida para o posto sexa Grao+Máster, farase a media ponderada entre as notas medias do Grao e o Máster polo número de créditos de cada titulación. Se a titulación requirida presentada polo candidato é a da Licenciatura, será a nota media desa titulación a empregar na avaliación.

Cando unha titulación non se avalíe nas bases cunha puntuación máxima de 10, utilizarase o valor proporcional entre 0 e a puntuación máxima da mérito que se avalía.

(2) A participación en proxectos valorarase en función da súa duración por proxecto e ano traballado, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses, no caso de ser inferiores a un ano. Só se computará un proxecto por mes, independentemente da categoría na que se encadre o mesmo. Xustificarse coa seguinte documentación:

- a. Contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
- b. Copia da vida laboral.
- c. Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición do proxecto no que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse a participación en proxectos.

(3) A experiencia práctica valorarase en función dos contratos de traballo presentados segundo a súa duración, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses. Só se computará un proxecto ou contrato por mes. Xustificarse coa seguinte documentación:

- a. Contrato de traballo.
- b. Copia da vida laboral.
- c. Declaración responsable, asinada polo solicitante, cunha descrición do traballo realizado, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse este mérito.



No caso de que a documentación presentada permita a valoración dun mérito en máis de un criterio, so se valorará unha vez no criterio máis favorable para a persoa aspirante ao posto.

(4) Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados. A certificación do curso presencial ten que incluír o número de horas do curso e o programa/contido do mesmo. A certificación dun curso on-line ten que conter o temario do curso e a superación do mesmo.

**B.2.2. FASE 2 : ENTREVISTA PERSOAL POSTOS DE REF.:
QUANTUMSPAIN-22-TSP1**

FASE 2	ENTREVISTA PERSOAL		6 puntos
--------	--------------------	--	----------



**B.3. Modelo valoración de méritos para o postos de REF:
QUANTUMSPAIN-22-TSP1**

Cada candidato deberá cubrir o seguinte modelo cos méritos aportados, indicando con claridade a referencia á documentación xustificativa aportada. Numeraranse as páxinas da documentación xustificativa e indicarse en cada apartado o/s número/s de páxina/s que corresponde/n a cada xustificación. De non cubrirse axeitadamente esta información os méritos poderían non ser avaliados pola comisión.

CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS E Puntuación	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
Expediente académico da titulación requirida		
Expediente académico doutras titulacións universitarias (Grao, Máster Oficial, Licenciatura, etc.) nas áreas de coñecemento indicadas para a titulación requirida.		
Participación en proxectos de I+D+i		
Experiencia práctica no soporte a usuarios de computación avanzada		
Formación en computación cuántica e tecnoloxías asociadas.		
Publicacións científicas en computación cuántica		
Inglés		

